

Taller SI - Práctica 23c

Allow Boot CD/DVD/USB - chntpw - MS Windows



ESCENARIO

Máquina virtual ou física:

RAM $\leq$ 2048MB CPU $\leq$ 2 PAE/NX habilitado
Sistema operativo instalado: Microsoft Windows 64bits
ISO/CD/DVD/USB: Kali Live amd64
BIOS: Permite arranque dispositivo extraíble: CD/DVD, USB



LIMITACIÓN DE RESPONSABILIDADE O autor do presente documento declina calquera responsabilidade asociada ao uso incorrecto e/ou malicioso que puidese realizarse coa información exposta no mesmo. Por tanto, non se fai responsable en ningún caso, nin pode ser considerado legalmente responsable en ningún caso, das consecuencias que poidan derivarse da información contida nel ou que esté enlazada dende ou hacia el, incluíndo os posibles erros e información incorrecta existentes, información difamatoria, así como das consecuencias que se poidan derivar sobre a súa aplicación en sistemas de información reais e/ou virtuais. Este documento foi xerado para uso didáctico e debe ser empregado en contornas privadas e virtuais controladas co permiso correspondente do administrador desas contornas.

NOTAS:

- **Instalación por defecto:** A instalación do sistema operativo Microsoft Windows realizouse por defecto, é dicir, seguindo os pasos do instalador.
Avisar ao docente para a revisión ☐₁
- **Apagado normal do sistema operativo:** Para un correcto funcionamento da práctica o sistema operativo Microsoft Windows debe ser apagado sen inconsistencias evitando problemas no sistema de ficheiros NTFS.
Avisar ao docente para a revisión ☐₂

1. Arrancar coa Kali Live amd64

2. Na contorna gráfica abrir un terminal e executar:

```
$ setxkbmap es #Cambiar o mapa de teclado ao idioma español.
$ sudo su - #Acceder á consola de root(administrador) a través dos permisos configurados co comando sudo (/etc/sudoers, visudo)
# fdisk -l /dev/sda #Lista a táboa de particións do disco /dev/sda e logo remata.
# mount #Amosar os sistemas de ficheiros montados, é dicir, os que está a usar e podemos empregar neste sistema operativo live Kali.
# mount -t auto /dev/sda2 /mnt #Montar a partición 2 do disco duro /dev/sda no directorio da live /mnt. Coa opción -t auto solicitamos ao comando mount a autodetección do sistema de ficheiros de montaxe. Poderíamos tamén empregar o comando ntfs-3g /dev/sda2 /mnt, o cal xa traballa directamente co sistema de ficheiros NTFS..
# mount #Amosar os sistemas de ficheiros montados, é dicir, os que está a usar e podemos empregar neste sistema operativo live Kali. Neste caso verificamos que a última liña refírese ao punto de montaxe /mnt onde podemos traballar coa partición /dev/sda2.
# cd /mnt/Windows/System32/config #Acceder ao directorio do sistema operativo Microsoft Windows C:\Windows\System32\config, o cal está montado en /mnt/Windows/System32/config
# ls -l SAM #Listar de forma extendida o ficheiro SAM, o cal é o administrador de contas de seguridade (SAM): unha base de datos que atópase en equipos que executan sistemas operativos Microsoft Windows e que almacenan as contas de usuario e os descritores de seguridade dos usuarios no equipo local.
# file SAM #Determinar que tipo de ficheiro é o ficheiro SAM. Neste caso é un ficheiro de rexistro Microsoft Windows, NT/2000 ou superior.
# chntpw -l SAM #Listar todos os usuarios da base de datos SAM e saír. O comando chntpw é unha utilidade que permite sobreescribir contrasinais de sistemas operativos Microsoft Windows
```

Avisar ao docente para a revisión ☐_3

chntpw -u Administrador SAM #Modificar o usuario *Administrador*, o cal debe existir na SAM, é dicir, debe existir na saída do comando anterior.

No menú que aparece escollemos as opcións **1 → q → y** para pór o contrasinal en branco, e grabar os cambios á SAM. Poderíamos tamén executar o comando **chntpw -i SAM**, o que nos permite interactuar co programa e elixir distintas opcións de menú.

cd #Acceder ao directorio de traballo do usuario, neste caso, acceder a /root

umount /mnt #Desmontar (deixar de facer uso) a partición primaria /dev/sda2 que estaba montada en /mnt

Avisar ao docente para a revisión ☐_4

init 0 #Apagar a máquina enviando o sinal de apagado mediante o runlevel 0

3. Arrancar a máquina Windows sen o dispositivo extraíble conectado

4. Comprobar que agora o contrasinal do usuario de nome **Administrador** foi modificada, é dicir, comprobar que o usuario *Administrador* accede sen contrasinal.

5. Avisar ao docente para a revisión ☐_5

6. Que é o que acontece se o sistema operativo Microsoft Windows é un servidor de dominio? Por que?

7. Avisar ao docente para a revisión ☐_6

Ricardo Feijoo Costa



This work is licensed under a **Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International License**